

## Temas varios tratados na Mesa do 2 de xullo

### Incidencias nas oposicións e nas peticións de destino ou peche de aulas centraron a intervención final da CIG-Ensino

#### Incidencias nas oposicións

Como vén sendo habitual chégannos queixas e incidencias por parte das persoas que están a participar nos procesos selectivos. Algunhas delas son responsabilidade concreta dos tribunais e outras falta de previsión da Consellaría. En todos os casos, e respectando a soberanía dos tribunais, cremos que a Administración ten capacidade para solventalos.

Así, debe garantirse que os locais escollidos para a realización das probas sexan adecuados. Non se pode facer un exame cun taboleiro sobre os xeonllos ou nunha cadeira de pa. Debe dispoñerse dunha mesa sempre.

Os medios técnicos que empregan os tribunais teñen que estar en óptimas condicións: non é de recibo que existan problemas de funcionamento de proxectores ou que imaxes ofrecidas no “visu” sexan de mala calidade e non permitan diferenciar perfectamente a especie que se amosa.

Sen embargo, o elemento fundamental, e que atopamos en varias especialidades, é a deficiente **coordinación entre tribunais da mesma especialidade**. Con independencia de que as prazas estean distribuídas por tribunais, ofrece unha pésima imaxe que un tribunal tome unha decisión e outro ou outros a contraria. Vímolos no

caso das persoas que tiveron o problema do atraso por causas de forza maior en Inglés mais tamén en Bioloxía, onde un tribunal anula unhas diapositivas e outros cinco non o fan. A Consellaría, cando reúne as presidencias dos tribunais debe dar instrucións claras da necesaria coordinación e equilibrio na toma de decisións.

Cuestións como facer un único chamamento ou máis de un para a lectura diaria, a información que se proporciona en cada tribunal ao inicio do proceso, etc.. deben ser comúns en cada especialidade.

Tamén debe garantirse un trato idéntico na protección das nais que dan o peito ao seu fillo ou filla, evitando a situación actual, na que un tribunal pode ter a consideración e respecto normal, proporcionando un espazo apropiado mentres que outros non o fan.

#### Peche de aulas incesante no medio rural

Segue como todos os anos o peche de unidades no medio rural e nalgún casos faltando ao compromiso adquirido coas familias e o centro, como é o caso da Escola do Pedroso no CRA de Narón. Foi o propio Xefe Territorial da Coruña, en presenza do Xefe de Inspección e representantes da ANPA, quen se comprometeu a reabrir a escola se había demanda neste curso escolar. De feito non se suprimiu no catálogo. Agora a Consellaría,

seica seguindo ordes directas do Secretario Xeral, négase a permitir que se abra. Demandamos rectificación e apertura da escola.

Solicitamos unha reunión técnica desta Mesa Sectorial con responsábeis das Direccións Xerais de Centros e RR.HH. e Educación, para revisar todas as modificacións que se pretendan facer nos cadros de persoal. Temos coñecemento de que as modificacións nos catálogos xa están listas e decididas polas inspeccións unilateralmente sen negociar cos sindicatos e con decisións moitas veces arbitrarias. **A Consellaría escúdase en que non existe esa obriga e que non pensan traelo nin á Mesa nin a unha comisión técnica.**

## **Interinidades e petición de destinos nos Conservatorios Superiores**

---

Neste momento as persoas que forman parte da lista de interinidades para cátedras de CMUS Superiores non poden pedir destino nestes centros. Debe habilitarse no CADP a opción de que estas persoas poidan facelo. De non facelo agora, pode suceder que persoas que están en dúas listas (profesorado e cátedras de CMUS) obtivesen destino nun Profesional e unha praza no Superior se dese posteriormente a alguén por debaixo na lista cunha chamada telefónica.

**A Consellaría agradece que alertásemos da situación e afirma que a solución que adoptará, para evitar a discriminación que denunciámos, consiste en habilitar as primeiras persoas de cada especialidade, tivesen ou non traballado antes para a Consellaría, para que poidan pedir prazas de cátedras. En consecuencia, non haberá comisións de servizo nos CMUS Superiores: só funcionariado de carreira de cátedras e persoas das listas de interinidades de cátedras.**

**Calquera substitución que se produza nesas especialidades será, obviamente, das listas de interinidades de cátedras.**

O profesorado que é funcionario de carreira (nivel 24) e entrou en listas de interinidades tería, como xa informou a CIG, que pedir a excedencia no corpo de profesorado para poder ser interino de cátedras. Isto suporía, no caso de ter destino definitivo, a perda deste.

## **Inglés PES-EOI**

---

En Concilia os PES non podían pedir EOI. Agora aparécenlle na instancia recuperada do ano pasado esas peticións mesturadas. É sabido que non van ter praza por EOI xa que antes teñen que adjudicar a todo o profesorado de EOI incluído agora o persoal interino, pero é unha chafallada o que se fai. Ten que estar claro: ou non se pode pedir na mesma instancia ou si, pero para todo o mundo igual. **A Consellaría confirma que vai ser practicamente imposible que PES de Inglés poidan ter destino en EOI e indica que se cambiará a orde no futuro.**

## **Reclamacións ao baremo no CXT**

---

Hai poucas reclamacións de xente que ven de fóra e ten dereito a que se compute o tempo traballado como interina. Procurarán ter as resolucións feitas neste mes para que, se se produce algunha supresión de rebote (ao perder o destino outra persoas), se poida participar no CADP.

## **Pago IT superiores a 90 días**

---

A Consellaría confirma que todas as persoas que reclamaron e que os seus datos están correctos no CIXTEC, cobrarán no mes de agosto.

## **Orde de titulacións para acceso a listas**

---

Aseguran que estará publicada no mes de setembro a tempo de poder aplicala coas persoas que teñan que entrar en listas despois destas oposicións.